



Broken 001



Broken 002

En panos menores

Falar de detalles resulta pornográfico. Oscar Wilde sabía ben o que dicía, porque o escritor irlandés coñecía, como poucos, que un xesto fose de tempo, unha frase descolgada nunha conversación ou unha pintura no cuarto de estar pode deixar en panos menores as persoas. E que podería resultar máis interesante?

Pero o que queda á vista do atento *voyeur* é algo máis que a flácida carne. Se os detalles resultan tan pornográficos é porque mostran en *plein air* o espírito, con todo o que ten de grandioso e de mesquiño, de xenial e de



Broken 003



Broken 004

inxusto. Máis reveladores que os segredos de alcoba, e ás veces máis traizoeiros que a confesión do noso peor inimigo, érguennos pedestais pero, máis a miúdo, sinalannos como protagonistas aos que lles vén grande o papel, xa sexa o da máis pasaxeira das circunstancias ou da obra póstuma á que todos temos dereito: a nosa propia vida.

Foi en Londres, a mesma cidade en que pasou longos períodos o escritor, onde calibrei a intensidade destes detalles, a súa forza para coagular unha vida non soa como realidade senón tamén como destino. A diferenza de Wilde, esta revelación que a todos nos chega (ou nos debería chegar) antes ou despois non xurdiu nos refinados círculos da parte podente da cidade, circo favorito do esteta, senón un par de millas máis ao sur, ao outro lado do río,




Broken 005

xunto á parada de metro de Stockwell. O ambiente e as súas xentes tamén estaban lonxe dos amolecidos salóns vitorianos e os enxeñosos moradores que os frecuentaban. Alí falábase un inglés con acento xamaicano e doutras antigas colonias, á vez tan duro mais tan sedutor. Respirábase o olor das tapas que saían dos restaurantes portugueses e todo resultaba vivificado por un pulso multiétnico que se contaxiaba tan pronto como un saía do metro.

Algúns recordarán esta estación como aquela en que o novo brasileiro Jean Charles de Menezes foi asasinado pola policía, ao ser confundido cun terrorista, mais para min foi a pasarela sobre a que realicei o meu avistamento do Novo Mundo das nimiedades, tan oculto entre as brumas da xuventude.



Broken 006



Broken 007




Broken 008

Porque xa se sabe que as grandes palabras e os proxectos faraónicos enchen a boca e o peito do mozo. Séntese unha omnipotencia propia de heroes olímpicos, que engana coa garantía de volver sempre á casa coa pel do león. E a vontade preocúpase por orquestrar o mundo e o seu contido, seguindo a máis grandilocuente e wagneriana das partituras.

Con este ánimo aterreei en Londres, disposto a converterme nunha figura do periodismo, co calo universitario aínda fresco no dedo corazón e o catre cargado de optimismo para transitar os camiños asilvestrados do mundo do free lance, cheo de salteadores resoltos a roubarche a enerxía e o espírito resolutivo con escuros augurios ou chamadas á realidade.



Broken 009 Broken 010



Se vivir lonxe dos cocidos maternos esixe a peaxe de envellecer, e con fortuna madurar, máis rápido débese a que a cidade estranxeira, con todo o que ten de novo e tamén de desafiante, require un gasto de enerxía que chega a facer saltar os fusibles de non poucos soñadores. Toda relación convértese nunha empresa hercúlea, desde o propio idioma até o máis rutineiro dos trámites, xa sexa abrir unha conta bancaria, elixir unha compañía de móbil e sobre todo, atopar o traballo e a cama máis dignos que un se poida permitir ou pelexar.

O traballo quedou finalmente lonxe de calquera esforzo que me puidese facer gañar un Pulitzer (a non ser que engadisen algunha distinción ao mellor camareiro de comida mexicana ou ao dj máis prometedor da noite do



Broken 011



Broken 012

Soho). E a casa en que levaría a cabo o *repouso do guerreiro* tampouco tiña entre os seus sinais a dirección de Fleet Street, lenda entre os xornalistas anglosaxóns, nin calquera outro canto cool da cidade que me provese das historias que eu viña contar.

A casa de E.

Até que Ikea, a nova tribo de bárbaros do norte, invadiu coas súas lámpadas e estantes os cuartos de media civilización, poucas cousas había que dixesen máis dunha persoa que o lugar en que habita. Desde logo que



Broken 014 Broken 015



un é algo máis que o seu fondo de armario, xa perdoarán os modistos, mais non resulta nada esaxerado afirmar que, cando realmente damos sentido a esa palabra e habitamos un lugar, nos convertemos no fogar en que vivimos.

As catro paredes transfórmanse nunha película moi sensible que recolle a máis vergonzosa das nosas manías e o máis secreto dos nosos desvaríos, que non criamos ter pero que rematan diante dos nosos ollos como molestos acusóns. E, como aconteceu con E., tamén diante dos ollos de dous estraños e, algo máis inusual, diante dunha cámara.



Broken 016

E que tipo de persoa esperarían atopar detrás daquela que envolve gran parte dos seus mobles e útiles con plásticos? Quen é aquel que dorme nun cuarto presidido por un enorme retrato de Lady Di e a súa cama rodeada por bolsas de supermercado, coma se se preparase para un holocausto nuclear? Cantos lavan o seu par de desgastadas camisetas interiores a man e manteñen unha dieta monacal a base de patacas, cebolas e algo de pasta?

Mais isto é só o marco, a superestrutura para o que se esconde detrás do pano, agora á vista grazas ao acerto das fotografías de Amador, o meu compañeiro naquel lugar.



Broken 017



Broken 018

Un poderá pensar que E. só foi herdeiro dunha situación, dunha era anterior que, como os fósiles que quedan atrapados nos estratos da terra, se podía ler baixo eses plásticos. Un período que se perdía nun pasado case mitolóxico e que deixara a lámpada de porcelana con alegres querubíns xunto ao sofá, poñendo o acento a un salón de caduco rococó perfecto para o decorado dunha película erótica. Ou os recordos de viaxes que se empoaban autistas en estantes sen graza.

Porén, E. deixara a súa propia pegada. Como ese solitario chile sobre o vello trapo de tea, que tan pronto lle servía para limpar a boca como para secar os pratos. Os papeis recortados a man en cuadrículas,



Broken 019



Broken 021

xunto ao teléfono, para preparar as súas caseiras facturas do pagamento do aluguer, o caldeiro de pintura en que lavaba a súa roupa ou as bolsas do seu propio cuarto.

As súas pegadas e o seu xeito de tratar ese outro pasado deron corpo a unha intuición que ao principio chegou de xeito silandeiro, a través das escasísimas conversacións que mantivemos no medio ano que pasei naquela casa. Como moitos outros que quedan atrapados no viscoso vórtice de Londres, E. quería escapar e volver á súa terra porque a capital do Reino Unido é unha escaleira sen relanzos para descansar onde só podes escalar socialmente ou afundirte, sepultado por todas as súas promesas de éxito.



Broken 020 Broken 022

E. caeu tan profundo que todas as súas rutas de escape e portas traseiras quedaron tapiadas. Tanto que esa ostentosa provisionalidade en que intentaba vivir, para enganarse cunha pronta partida, rematou nunha estable perennidade, encouzando o seu ámbito e deixando sen folgos o que o rodeaba.

Pode que eu, como San Pablo, tivese a miña caída do cabalo a tempo e comprendese que as pirámides que un soña con levantar coas súas costas xuvenís, aínda pouco flaxeladas, non deixan de ser sepulcros para faraóns, os máis grandes, desde logo, pero tumbas á fin e ao cabo. Probablemente E. tamén cruzase no seu momento a canle disposta a gobernar todas as terras da súa Maxestade. Non obstante, iso sucedeu hai tempo, e daquel



Broken 023

mozo xa só a vai un fantasma, nu por eses detalles, con algo de roupa interior por manter as últimas gotas de dignidade coas que aínda hoxe ten a esperanza de escapar. A súa inmolación deixou un rastro de pistas para os que tratan aínda de despexar un camiño. Agora eu tamén me preocupo de deixar a miña propia traza de detalles, sen medo a quedar en panos menores.

Jorge Valero